



DECRETO

Tras ver a proposta do deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, a teor do seguinte texto:

“Antecedentes.

A aprobación da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción (en diante, LPI), publicada no Boletín Oficial do Estado do núm. 44 do 21 de febreiro de 2023, supuxo a transposición da Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección de persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión (DPI), que a fin de evitar diferentes réximes xurídicos existentes nos Estados membros que dificulten a aplicación coherente do Dereito europeo e perseguir as súas infraccións, regula aspectos mínimos que teñen que satisfacer os distintos Estados coa finalidade de protexer ás persoas que informan sobre vulneracións do ordenamento xurídico no marco dunha relación laboral, xa que a experiencia demostra que é preferible que a información sobre prácticas irregulares se coñeza pola propia organización para corrixilas e reparar o antes posible os danos, ademais de ser un deber cidadán o de informar cando se está en presenza dun delito.

Neste sentido, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, do Ministerio de Hacienda y Función Pública pola que se configura o sistema de xestión do PRTR- Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia establece no seu artigo 6.1 que, coa finalidade de protexer os intereses financeiros da Unión Europea (artigo 22 do Regulamento-UE 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021), toda entidade, decisoria ou executora, que participe na execución das medidas do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, deberá dispoñer dun «Plan de medidas antifraude» que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizáronse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses. Cumprindo coa mesma, o Pleno da Deputación de Lugo, na sesión ordinaria do 31 de maio de 2022, aprobou o Plan de Medidas Antifraude da Deputación de Lugo así como os seus modelos e formularios e o Código de Conduta. Este Plan sumouse ao compromiso adoptado polo Pleno da Corporación o 25.01.2022 onde se aprobou por unanimidade unha declaración institucional na que manifestaba o compromiso desta Entidade na loita contra a fraude e a corrupción.

A Deputación de Lugo dispuxo dunha canle interna de información para así dar cumprimento aos obxectivos da Directiva (UE) 2019/1937, como son o de protexer aos informantes e establecer as normas mínimas das canles de información. Esta lei que ten carácter básico e obrigou as entidades públicas a implantar un Sistema de Información Interno que integre unha canle de información no que a entrada das denuncias, así como a súa xestión, estea configurada de tal forma que protexa as persoas que nun contexto laboral ou profesional detecten infraccións penais ou administrativas graves ou moi

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	1/32



graves e as comuniquen mediante os mecanismos regulados creando así un entorno de confianza.

Legislación aplicable.

Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento europeo e do Consello do 23 de outubro de 2019 relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Informe.


Achéganse como anexos os documentos “Política do Sistema interno de información da Deputación de Lugo e garantías de protección das persoas informantes” e “Procedemento para as actuacións e informacións na xestión do sistema interno de información da Deputación de Lugo”, nos que se establecen os principios xerais, a operativa e as garantías para xestionar comunicacións e informacións sobre infraccións normativas dentro da entidade. Así dáse cumprimento á LPI, respondendo á dobre finalidade da lei, protexer ás persoas que informen sobre infraccións no ámbito da Deputación e de velar polo cumprimento normativo, fortalecendo a cultura de integridade e transparencia e utilizando o sistema interno como mecanismo preferente de prevención e detección de ameazas ao interese público.

E por outra banda, satisfécense as obrigas establecidas no art. 13.1.a) da LPI de adecuar e despregar nesta Deputación un sistema interno de información que sirva de canle preferente para a comunicación das infraccións normativas comprendidas no art. 2 LPI, e de protexer ás persoas informantes referidas no art. 3 LPI.

O artigo 5.2.g) da LPI establece que o Sistema interno de información (SII) deberá contar coa figura de Responsable do Sistema, sen embargo non detalla as súas funcións, unicamente no art. 9.1 da LPI se concreta o cometido de tramitar dilixentemente as informacións recibidas no Sistema. A regulación do Responsable do Sistema establécese no art. 8 da LPI, que contén as seguinte previsións aplicables ao sector público:

- A súa designación, destitución e cese compete ao órgano de goberno de cada entidade.
- Pódese optar pola designación duna persoa física ou polo establecemento dun órgano colexiado, que deberá delegar nun dos seus membros as facultades de xestión do SII e de tramitación de expedientes de investigación.
- O nomeamento e o cese da persoa física ou das persoas integrantes do órgano colexiado deberán ser notificados á Autoridad Independiente de Protección del Informante, A.A.I.,

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	2/32





e, de ser o caso, á autoridade ou órgano competente da Comunidade Autónoma, no ámbito das súas respectivas competencias, no prazo dos dez días hábiles seguintes, especificando, no caso de cese, as razóns que o xustificaron.

-As funcións de Responsable do Sistema desenvolveranse de forma independente e autónoma respecto do resto dos órganos da entidade ou organismo, non poderán recibir instrucións de ningún tipo no seu exercicio, e deberá dispoñer de todos os medios persoais e materiais necesarios para levalas a cabo.

-Nas entidades ou organismos en xa existise unha persoa responsable da función de cumprimento normativo ou de políticas de integridade, calquera que fose a súa denominación, poderá ser esta a persoa designada como Responsable do Sistema.

Ademais, debe atenderse ao disposto no art. 6.3 da LPI que impide que se recorra a una xestión por terceiro externo que supoña a atribución da responsabilidade en persoa distinta da Responsable do Sistema do art. 8 LPI.

En virtude de todo o exposto anteriormente, para seguir dando cumprimento aos requirimentos legais derivados da LPI, a Deputación de Lugo adaptará o seu sistema interno de información para a comunicación daquelas accións ou omisións que poidan supoñer unha vulneración do ordenamento xurídico, proponse aprobar a adecuación do Sistema Interno de Información e a incorporación da Canle de Información Interna cuxa estratexia de implantación figuran nos Anexos que acompaña a esta resolución, tanto na política como no procedemento, así como a Canle de denuncias en materia de integridade institucional e a designación do responsable do sistema interno de información. Así, proponse a esta Presidencia que resolva:

1º.- Implantación e adecuación do Sistema interno de información da Deputación de Lugo.

Aprobar a adecuación e implantación do Sistema interno de información da Deputación de Lugo, que estará composto tamén pola canle interna de información, segundo o previsto nos artigos 5.1 e 7 da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción (LPI).

2º.- Aprobar a Política do Sistema interno de información e garantías de protección das persoas informantes, que consta como anexo I a esta proposta.

3º.- Aprobar o procedemento de xestión de informacións, que consta como anexo II a esta proposta.

4º.- Aprobar o nomeamento do Responsable do Sistema, que se denominará como “Responsable do Sistema interno de información da Deputación de Lugo”, a persoa que desempeñe o posto de Secretario/a Xeral da entidade (ou persoa en quen delegue).

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	3/32



5º.- Esta resolución e os seus anexos poderán ser obxecto de revisión, actualización e mellora con ocasión dos desenvolvementos normativos no ámbito estatal ou autonómico que se produzan nesta materia, e tendo en conta a experiencia propia, así como a doutras entidades, organismos ou autoridades competentes e as súas recomendacións.

6º.- Dar publicidade ao contido desta resolución a través da súa publicación no portal de transparencia da Deputación.

ANEXO I


POLÍTICA DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN DA DEPUTACIÓN DE LUGO E GARANTÍAS DE PROTECCIÓN DAS PERSOAS INFORMANTES

POLÍTICA DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN DA DEPUTACIÓN DE LUGO E GARANTÍAS DE PROTECCIÓN DAS PERSOAS INFORMANTES

Índice

1 Aprobación e Entrada en Vigor	4
2 Obxecto e finalidade	5
3 Ámbito material de aplicación	5
4 Ámbito persoal de aplicación	6
5 Principios xerais do sistema interno de información	7
6 Responsable do sistema interno de información	9
7 Principios xerais de protección das persoas informantes	11
7.1 No procedemento de xestión das informacións do sistema interno de información	11
7.2 En materia de protección de datos	11
7.3 Aplicación das medidas de protección establecidas no título VII a LPI	12
7.4 Garantía do réxime sancionador	17
8 Persoas afectadas polas informacións	17
9 Protección de Datos	18
9.1 Réxime xurídico do tratamento de datos persoais no Sistema interno de información	19
9.2 Licitude dos tratamentos de datos persoais no Sistema interno de información	19
9.3 Información sobre protección de datos persoais e exercicio de dereitos	19
9.4 Tratamento de datos persoais no Sistema interno de información	20
9.5 Preservación da identidade das persoas informantes e das persoas afectadas polas informacións	21
9.6 Delegado de protección de datos	21
9.7 Cláusula de protección de datos do Sistema Interno de Información	21
10 Formación	22
11 Publicidade	22
12 Histórico de revisións	23

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	4/32





1. Aprobación e Entrada en Vigor.

Texto aprobado o día 9 de febreiro de 2026 por Resolución de Presidencia.

Esta “Política do sistema interno de información da Deputación de Lugo e garantías de protección das persoas informantes” é efectiva dende a devandita data e ata que sexa substituída por unha nova versión da mesma.

2. Obxecto e finalidade.

A aprobación da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción (en diante, LPI), publicada no Boletín Oficial do Estado do núm. 44 do 21 de febreiro de 2023, supuxo a transposición da Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección de persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión (DPI).

A presente política ten como obxecto cumprir coa LPI, respondendo á dobre finalidade da lei, protexer ás persoas que informen sobre infraccións no ámbito da Deputación e de velar polo cumprimento normativo, fortalecendo a cultura de integridade e transparencia e utilizando o sistema interno como mecanismo preferente de prevención e detección de ameazas ao interese público.

Así, dáse cumprimento ás obrigas establecidas no art. 13.1.a) da LPI de implantar nesta Deputación un sistema interno de información que sirva de canle preferente para a comunicación das infraccións normativas comprendidas no art. 2 LPI, e de protexer ás persoas informantes referidas no art. 3 LPI.

3. Ámbito material de aplicación.

O sistema permitirá informar sobre accións ou omisións previstas no art. 2 da Lei 2/2023, onde se define o seguinte:

A presente lei protexe ás persoas físicas que informen, a través dalgún dos procedementos previstos nela de:

Calquera accións ou omisións que poidan constituír infraccións do Dereito da Unión Europea sempre que:

Entren dentro do ámbito de aplicación dos actos da Unión Europea enumerados no anexo da Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión, con independencia da cualificación que das mesmas realice o ordenamento xurídico interno;

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	5/32



Afecten os intereses financeiros da Unión Europea tal e como se contemplan no artigo 325 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE); ou
Incidan no mercado interior, tal e como se contempla no artigo 26, apartado 2 do TFUE, incluídas as infraccións das normas da Unión Europea en materia de competencia e axudas outorgadas polos Estados, así como as infraccións relativas ao mercado interior en relación cos actos que infrinxan as normas do imposto sobre sociedades ou con prácticas cuxa finalidade sexa obter unha vantaxe fiscal que desvirtúe o obxecto ou a finalidade da lexislación aplicable ao imposto sobre sociedades.

Accións ou omisións que poidan ser constitutivas de infracción penal ou administrativa grave ou moi grave. En todo caso, entenderanse comprendidas todas aquelas infraccións penais ou administrativas graves ou moi graves que impliquen quebranto económico para a Facenda Pública e para a Seguridade Social.

Esta protección non excluírá a aplicación das normas relativas ao proceso penal, incluíndo as dilixencias de investigación.

A protección prevista nesta lei para as persoas traballadoras que informen sobre infraccións do Dereito laboral en materia de seguridade e saúde no traballo, enténdese sen prexuízo da establecida na súa normativa específica.

A protección prevista nesta lei non será de aplicación ás informacións que afecten á información clasificada. Tampouco afectará as obrigacións que resultan da protección do segredo profesional dos profesionais da medicina e da avogacía, do deber de confidencialidade das Forzas e Corpos de Seguridade no ámbito das súas actuacións, así como do secreto das deliberacións xudiciais.

Non se aplicarán as previsións desta lei ás informacións relativas a infraccións na tramitación de procedementos de contratación que conteñan información clasificada ou que fosen declarados segredos ou reservados, ou aqueles cuxa execución deba ir acompañada de medidas de seguridade especiais conforme á lexislación vixente, ou nos que o esixa a protección de intereses esenciais para a seguridade do Estado.


No suposto de información ou revelación pública dalgunha das infraccións ás que se refire a parte II do anexo da Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, resultará de aplicación a normativa específica sobre comunicación de infraccións nas devanditas materias.

4. Ámbito persoal de aplicación.

Poderán ser informantes aquelas persoas físicas que obteñan información sobre as infraccións establecidas no artigo 2 da LPI nun contexto laboral ou profesional coa Deputación de Lugo, comprendendo o recollido no artigo 3 da LPI:

A presente lei aplicarase aos informantes que traballen no sector privado ou público e

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	6/32





que obtivesen información sobre infraccións nun contexto laboral ou profesional, comprendendo en todo caso:

- as persoas que teñan a condición de empregados públicos ou traballadores por conta allea;
- os autónomos;
- os accionistas, partícipes e persoas pertencentes ao órgano de administración, dirección ou supervisión dunha empresa, incluídos os membros non executivos;
- calquera persoa que traballe para ou baixo a supervisión e a dirección de contratistas, subcontratistas e provedores.

A presente lei tamén se aplicará aos informantes que comuniquen ou revelen publicamente información sobre infraccións obtida no marco dunha relación laboral ou estatutaria xa finalizada, voluntarios, bolseiros, traballadores en períodos de formación con independencia de que perciban ou non unha remuneración, así como a aqueles cuxa relación laboral aínda non comezase, nos casos en que a información sobre infraccións fose obtida durante o proceso de selección ou de negociación precontractual.

As medidas de protección do informante previstas no título VII tamén se aplicarán, no seu caso, especificamente aos representantes legais das persoas traballadoras no exercicio das súas funcións de asesoramento e apoio ao informante.

As medidas de protección do informante previstas no título VII tamén se aplicarán, no seu caso, a:


- persoas físicas que, no marco da organización na que preste servizos o informante, asistan ao mesmo no proceso,
- persoas físicas que estean relacionadas co informante e que poidan sufrir represalias, como compañeiros de traballo ou familiares do informante, e
- persoas xurídicas, para as que traballe ou coas que manteña calquera outro tipo de relación nun contexto laboral ou nas que ostente unha participación significativa. Para estes efectos, enténdese que a participación no capital ou nos dereitos de voto correspondentes a accións ou participacións é significativa cando, pola súa proporción, permite á persoa que a posúa ter capacidade de influencia na persoa xurídica participada.

5. Principios xerais do sistema interno de información.

Co obxectivo de que o sistema sexa efectivo, a Deputación de Lugo velará por que cumpra todos os requisitos establecidos na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, en particular:

Preferencia. O sistema interno de información será a canle preferente de presentación de informacións relativas ao ámbito da Deputación sempre que se poida tratar de maneira efectiva a infracción e se a persoa informante considera que non hai risco de

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	7/32



represalia.

Respecto ao ámbito persoal e material de protección. O sistema interno de información servirá de canle para a presentación daquelas informacións incluídas no ámbito material de aplicación establecido no art. 2 LPI e presentadas polas persoas definidas como informantes no ámbito persoal do art. 3 LPI, ámbitos recollidos na presente Política.

Integración. Calquera outra canle que permita a recepción de información sobre as infraccións incluídas no art. 2 LPI deberá estar integrada no sistema interno de información.

Compatibilidade. Non obstante, o sistema interno de información será compatible coa habilitación doutras canles internas de información pola Deputación fóra do ámbito material do artigo 2 LPI, se ben ditas comunicacións e os seus remitentes quedarán fóra do ámbito de protección da LPI e do sistema de información.

Accesibilidade. O sistema interno de información será accesible e asequible, de maneira que permita e facilite a presentación de comunicacións a todas as persoas informantes.

Seguridade, confidencialidade e protección de datos. O sistema interno estará deseñado, establecido e xestionado de forma segura; e garantirá a confidencialidade e a protección de datos.


A garantía da confidencialidade non só alcanzará á identidade da persoa informante, senón tamén ás persoas afectadas e a calquera terceiro mencionado, así como ao conxunto das actuacións que se desenvolvan na xestión e tramitación das comunicacións, e deberán contar con medidas técnicas e organizativas axeitadas para preservar a identidade e garantir a confidencialidade dos datos correspondentes ás persoas afectadas.

A garantía da protección de datos impedirá o acceso a persoal non autorizado e desenvolverase con pleno respecto ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en diante, RXPD), na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD) e ao disposto no título VI da LPI.

Pluralidade de formas de presentación. O sistema interno de información permitirá a presentación de informacións por escrito, verbalmente e, incluso, de forma anónima.

A información poderase realizar por escrito, a través de correo postal ou a través de calquera medio electrónico habilitado ao efecto; ou verbalmente, por vía telefónica ou a través de sistema de mensaxería de voz. O sistema de información tamén posibilitará

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	8/32





que, a solicitude do informante, a información se comunique nunha reunión presencial. Deputación de Lugo – Rúa San Marcos, 8 – Lugo (982260000)

Efectividade. O sistema interno de información garantizará que as comunicacións presentadas poidan tratarse de maneira efectiva co obxectivo de que a Deputación sexa a primeiro en coñecer a posible irregularidade.

Garantía do procedemento. O sistema interno de información contará cun procedemento de xestión das informacións que respectará as garantías do art. 9 LPI e que será aprobado polo órgano de goberno da Deputación.

Protección das persoas informantes. O sistema interno de información protexerá ás persoas informantes no ámbito da entidade.

Profesionalización. A Deputación formará ao seu persoal en garantía da confidencialidade e do cumprimento normativo.

Información adecuada. O sistema interno proporcionará información adecuada, clara e accesible sobre o uso da canle interna e sobre os principios do procedemento de xestión das informacións.

Publicidade e difusión. A información relativa ao sistema interno de información figurará na páxina web da Deputación, na súa páxina de inicio, en sección separada e facilmente identificable.

6. Responsable do sistema interno de información.

O órgano de goberno da Deputación, conforme ao establecido no art. 8 da LPI, é responsable da implantación do sistema interno de información, da aprobación da política do Sistema interno de información, da aprobación do procedemento de xestión das informacións e da determinación e do nomeamento do Responsable do Sistema interno de información (en diante, Responsable do Sistema).

Así mesmo, o órgano de goberno da Deputación terá a consideración de responsable do tratamento dos datos persoais de conformidade co disposto na normativa sobre protección de datos persoais.

A Deputación conta coa figura do Delegado de Protección de Datos (DPD) que terá acceso aos datos do Sistema interno dentro do ámbito das súas competencias e funcións, de conformidade co disposto no art. 32.1.e) LPI.

A regulación do Responsable do Sistema establécese no art. 8 da LPI, que contén as seguintes previsións aplicables ás entidades do sector público:

órgano de administración ou órgano de goberno de cada entidade ou organismo

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	9/32



obrigado por esta lei será o competente para a designación da persoa física responsable da xestión do devandito sistema ou «Responsable do Sistema», e da súa destitución ou cesamento.

Se se optase porque o Responsable do Sistema fose un órgano colexiado, este deberá delegar nun dos seus membros as facultades de xestión do Sistema interno de información e de tramitación de expedientes de investigación.

Tanto o nomeamento como o cesamento da persoa física individualmente designada, así como das integrantes do órgano colexiado deberán ser notificados á Autoridade Independente de Protección do Informante, A.A.I., ou, no seu caso, ás autoridades ou órganos competentes das comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, no prazo dos dez días hábiles seguintes, especificando, no caso do seu cesamento, as razóns que xustificaron o mesmo.

Responsable do Sistema deberá desenvolver as súas funcións de forma independente e autónoma respecto do resto dos órganos da entidade ou organismo, non poderá recibir instrucións de ningún tipo no seu exercicio, e deberá dispoñer de todos os medios persoais e materiais necesarios para levalas a cabo.

Nas entidades ou organismos en que xa existise unha persoa responsable da función de cumprimento normativo ou de políticas de integridade, calquera que fose a súa denominación, poderá ser esta a persoa designada como Responsable do Sistema, sempre que cumpra os requisitos establecidos nesta lei.


A Deputación de Lugo poderá acordar a xestión do procedemento para a recepción das informacións sobre infraccións, con carácter instrumental, por un terceiro externo, no suposto de que se acredite insuficiencia de medios propios nos termos do art. 15 LPI e 116.4.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

A xestión do sistema por un terceiro externo esixirá en todo caso que este ofrezga garantías axeitadas de respecto da independencia, a confidencialidade, a protección de datos e o segredo das comunicacións.

A existencia de corresponsables ou encargados do tratamento de datos persoais require a previa subscrición do acordo regulado no artigo 26 ou 28 do RXP, e na LOPDGDD.

A xestión do Sistema interno de información por un terceiro non poderá supoñer un menoscabo das garantías e requisitos que para dito sistema establece a LPI nin unha atribución da responsabilidade sobre o mesmo en persoa distinta do Responsable do Sistema.

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	10/32





O terceiro externo que, no seu caso, xestione o Sistema, terá a consideración de encargado do tratamento a efectos da lexislación sobre protección de datos persoais. O tratamento rexerase polo acto ou contrato ao que se refire o artigo 28.3 do RGPD.

7. Principios xerais de protección das persoas informantes.

Esta política do Sistema establece os seguintes principios, dereitos e garantías de protección das persoas informantes, de conformidade co establecido no art. 5.2. h) e 5.2.j) LPI.

7.1 No procedemento de xestión das informacións do sistema interno de información.

-Dereito a comunicar as informacións por escrito, verbalmente, incluso con posibilidade de solicitar reunión presencial; e de forma anónima (arts. 5 e 7 da LPI).

-En relación coas comunicacións verbais, incluídas as reunións presenciais, dereito a que se lle advirta de que a comunicación será gravada ou, no seu caso, dereito a que se lle ofrezca a oportunidade de comprobar, rectificar e aceptar mediante a súa firma a transcripción das comunicacións verbais.

-Dereito a indicar un enderezo, correo electrónico, ou lugar seguro a efectos de recibir notificacións (art. 7 LPI). Así mesmo, debe entenderse, ao igual que se prevé para o informante na canle externa (art. 21 LPI) que terá dereito a renunciar a recibir comunicacións do sistema interno de información.

-Dereito a que as comunicacións presentadas sexan tratadas de forma efectiva (art. 5 LPI).

-Dereito a que se acuse recibo da súa comunicación no prazo de sete días naturais desde a súa presentación (art. 9 LPI).

-Dereito a recibir resposta á súa comunicación nun prazo de tres meses, ou de seis meses se a complexidade do caso determinara a ampliación deste prazo (art. 9 LPI).

-Dereito a coñecer o estado de tramitación da súa comunicación e non só o resultado das actuacións.

-Dereito a información clara e accesible sobre as canles externas de información ante as autoridades competentes e, no seu caso, ante as institucións, órganos ou organismos da Unión Europea; información que debe proporcionar o sistema interno de información (arts. 7 e 9 LPI).

7.2. En materia de protección de datos.

-Garantía do exercicio dos dereitos recoñecidos pola normativa de protección de datos e respecto ás disposicións especiais establecidas nesta materia.

-Dereito á preservación da identidade da persoa informante e garantía de confidencialidade.

A identidade da persoa informante será reservada en todo caso e non se comunicará ás persoas afectadas pola información nin a terceiros, e será informada de forma expresa desta reserva da súa identidade.

	IV7R6OQJZENKVGXGYZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVGXGYZUHCQPWCI	Página	11/32



A identidade da persoa informante só poderá ser comunicada á Autoridade Xudicial, ao Ministerio Fiscal ou á autoridade administrativa competente no marco dunha investigación penal, disciplinaria ou sancionadora. Neste caso, antes de revelar a súa identidade trasladaráselle por escrito explicando os motivos de revelación dos datos confidenciais en cuestión, salvo que puidese comprometer a investigación ou o procedemento xudicial.

7.3. Aplicación das medidas de protección establecidas no título VII a LPI.

Ámbito subxectivo das medidas de protección.

De acordo cos apartados 3 e 4 do art. 3 LPI, as medidas de protección do título VII da LPI, ás que se refire este apartado, non só se aplicarán ás persoas informantes, senón que tamén resultan aplicables a:

- A representación legal das persoas traballadoras no exercicio das súas funcións de asesoramento e apoio á persoa informante.
- As persoas físicas con elas relacionadas e que poidan sufrir represalias, como familiares ou compañeiras de traballo.
- A aquelas que lle presten asistencia na súa organización.
- Ás persoas xurídicas para as que traballe ou cas que manteña calquera outro tipo de relación nun contexto laboral, ou nas que ostente unha participación significativa (a estes efectos, enténdese que a participación no capital ou nos dereitos de voto correspondentes a accións ou participacións é significativa cando, pola súa proporción, permite á persoa que a posúa ter capacidade de influencia na persoa xurídica participada).

Condições de protección.


Tal e como establece o art. 35 da LPI, o dereito de protección estará supeditado ao cumprimento dos seguintes requisitos:

As persoas que comuniquen ou revelen infraccións previstas no artigo 2 terán dereito a protección sempre que concorran as circunstancias seguintes:

teñan motivos razoables para pensar que a información referida é veraz no momento da comunicación ou revelación, aínda cando non acheguen probas concluíntes, e que a citada información se atope dentro do ámbito material de aplicación desta lei,
-a comunicación ou revelación se teñan realizado conforme os requirimentos previstos nesta lei.

Quedan expresamente excluídos da protección prevista nesta lei aquelas persoas que comuniquen ou revelen:

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	12/32





- Informacións contidas en comunicacións que fosen inadmitidas por algunha canle interna de información ou por algunha das causas previstas para a canle externa no artigo 18.2.a) da LPI, isto é:
- Por carecer de verosimilitude.
- Porque se refiren a infraccións que non están incluídas no ámbito de aplicación da LPI.
- Porque as informacións carecen manifestamente de fundamento.
- Por indicios racionais de que a información se obtivo mediante a comisión dun delito.
- Porque non se trata de información nova e significativa respecto dunha anterior sobre a que o procedemento ten concluído.

Informacións vinculadas a reclamacións sobre conflitos interpersoais ou que afecten unicamente o informante e ás persoas ás que se refira a comunicación ou revelación.

Informacións que xa estean completamente dispoñibles para o público ou que constituír meros rumores.

Informacións que se refiran a accións ou omisións non comprendidas no art. 2.

As persoas que comuniquen ou revelen publicamente información sobre accións ou omisións a que se refire o artigo 2 da LPI de forma anónima pero que posteriormente fosen identificadas e cumpran as condicións previstas nesta lei, terán dereito á protección que a mesma contén.

As persoas que informen ante as institucións, órganos ou organismos pertinentes da Unión Europea infraccións que entren no ámbito de aplicación da Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, terán dereito a protección conforme o disposto nesta lei nas mesmas condicións que unha persoa que informase por canles externas.

Prohibición de represalias e de introducir impedimentos ou dificultades á presentación de comunicacións e revelacións

Dereito a non ser obxecto de represalias.

De conformidade co establecido no art. 36 LPI prohíbense expresamente os actos constitutivos de represalia, incluídas as ameazas de represalia e as tentativas de represalia contra as persoas informantes. A estes efectos, as represalias defínense como "calquera tipo de actos ou omisións que estean prohibidos pola lei, ou que, de forma directa ou indirecta, supoñan un trato desfavorable que sitúe ás persoas que as sofren en desvantaxe particular con respecto a outra no contexto laboral ou profesional, só pola súa condición de informantes, ou por ter realizado unha revelación pública".

A título enunciativo, consideraranse formas de represalias as seguintes:

Suspensión do contrato de traballo, despedido ou extinción da relación laboral ou

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	13/32



estatutaria, incluíndo a non renovación ou a terminación anticipada dun contrato de traballo temporal unha vez superado o período de proba, ou terminación anticipada ou anulación de contratos de bens ou servizos, imposición de calquera medida disciplinaria, degradación ou denegación de ascensos e calquera outra modificación substancial das condicións de traballo e a non conversión dun contrato de traballo temporal nun indefinido, en caso de que o traballador tivera expectativas lexítimas de que se lle ofrecería un traballo indefinido; salvo que estas medidas se levaran a cabo dentro do exercicio regular do poder de dirección ao amparo da lexislación laboral ou reguladora do estatuto do empregado público correspondente, por circunstancias, feitos ou infraccións acreditadas, e alleas á presentación da comunicación.

Danos, incluídos os de carácter reputacional, ou perdas económicas, coaccións, intimidacións, acoso u ostracismo.

Avaliación ou referencias negativas respecto ao desempeño laboral ou profesional.

Inclusión en listas negras ou difusión de información nun determinado ámbito sectorial, que dificulten ou impidan o acceso ao emprego ou a contratación de obras ou servizos.

Denegación ou anulación dunha licenza ou permiso.

Denegación de formación.

Discriminación, ou trato desfavorable ou inxusto.

Nulidade dos actos administrativos que supoñan represalias ou introdución de impedimentos ou dificultades á presentación de comunicacións e responsabilidades derivadas da súa adopción.


Conforme ao art. 36.5 LPI, “os actos administrativos que teñan por obxecto impedir ou dificultar a presentación de comunicacións e revelacións, así como os que constitúan represalia ou causen discriminación trala presentación daquelas ao amparo desta lei, serán nulos de pleno dereito e darán lugar, no seu caso, a medidas correctoras disciplinarias ou de responsabilidade, podendo incluír a correspondente indemnización de danos e prexuízos ao prexudicado”.

Dereito ás medidas de protección fronte a represalias

De acordo co art. 38 LPI serán de aplicación as seguintes medidas de protección e presuncións fronte a represalias. Así:

Non se considerará que as persoas informantes infrinxisen ningunha restrición de revelación de información, e aquelas non incorrerán en responsabilidade de ningún tipo en relación coa dita comunicación sempre que tiveran motivos razoables para pensar que a comunicación de dita información era necesaria para revelar unha infracción en

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	14/32





virtude da LPI. Se ben, esta medida non afectará ás responsabilidades de carácter penal.

Esta medida esténdese á comunicación de informacións realizadas pola representación das persoas traballadoras, aínda que se encontren sometidas a obrigacións legais de sixilo ou de non revelar información reservada. Todo elo sen prexuízo das normas específicas de protección aplicables conforme á normativa laboral.

Tampouco incorreran en responsabilidade respecto da adquisición ou o acceso á información comunicada, sempre que dita adquisición ou acceso non constituía un delito.

Nos procedementos ante un órgano xurisdiccional ou outra autoridade relativos aos prexuízos sufridos polos informantes, unha vez que o informante demostrara razoablemente que comunicou a información de conformidade con esta lei e que sufriu un prexuízo, presumirase que o prexuízo produciuse como represalia. En tales casos, corresponderá á persoa que tomase a medida prexudicial probar que esa medida se baseou en motivos debidamente xustificadas non vinculados á comunicación ou revelación pública.

Nos procesos xudiciais, incluídos os relativos a difamación, violación de dereitos de autor, vulneración de segredo, infracción das normas de protección de datos, revelación de segredos empresariais, ou a solicitudes de indemnización baseadas no dereito laboral ou estatutario, as persoas informantes non incorreran en responsabilidade de ningún tipo como consecuencia de comunicacións ou de revelacións públicas protexidas pola mesma. Ditas persoas terán dereito a alegar na súa descarga e no marco dos referidos procesos xudiciais, o ter comunicado ou ter feito unha revelación pública, sempre que tiveran motivos razoables para pensar que a comunicación ou revelación pública era necesaria para poñer de manifesto unha infracción en virtude da LPI.

En relación coas medidas de apoio previstas no art. 37 da LPI

Dereito ás medidas de apoio reguladas no art. 37 da LPI, que serán prestadas pola Autoridade Independente de Protección do Informante, A.A.I., ou polo órgano competente da Comunidade Autónoma tal e como establece o art. 41 da LPI, que establece que as medidas de apoio previstas no título VII serán prestadas pola Autoridade Independente de Protección do Informante, A.A.I., cando se trate de infraccións cometidas no ámbito do sector privado e no sector público estatal, e, no seu caso, polos órganos competentes das comunidades autónomas, respecto das infraccións no ámbito do sector público autonómico e local do territorio da respectiva comunidade autónoma, así como as infraccións no ámbito do sector privado, cando o incumprimento comunicado se circunscriba ao ámbito territorial da correspondente comunidade autónoma (o cal debe entenderse sen prexuízo das medidas de apoio e asistencia específicas que poidan articularse polas entidades do sector público e privado).

Con respecto ás infraccións no ámbito da Deputación, ao integrarse no sector público local, a prestación das medidas de apoio ás persoas informantes será competencia do

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	15/32



órgano ou autoridade da Comunidade Autónoma, salvo que esta opte, ao amparo da disposición adicional segunda da LPI, pola subscripción de convenio para que sexa a Autoridade Independente de Protección do Informante, A.A.I., a que actúe no ámbito autonómico.

En canto ás medidas concretas de apoio previstas, o art. 37 LPI establece que as persoas que comuniquen ou revelen infraccións previstas no artigo 2 a través dos procedementos previstos nesta lei accederán ás medidas de apoio seguintes:

Información e asesoramento completos e independentes, que sexan facilmente accesibles para o público e gratuítos, sobre os procedementos e recursos dispoñibles, protección fronte a represalias e dereitos da persoa afectada.

Asistencia efectiva por parte das autoridades competentes ante calquera autoridade pertinente implicada na súa protección fronte a represalias, incluída a certificación de que poden acollerse a protección ao amparo da presente lei.

Asistencia xurídica nos procesos penais e nos procesos civís transfronteirizos de conformidade coa normativa comunitaria.

Apoio financeiro e psicolóxico, de forma excepcional, se así o decidise a Autoridade Independente de Protección do Informante, A.A.I. trala valoración das circunstancias derivadas da presentación da comunicación.

Todo elo, con independencia da asistencia que puidera corresponder ao amparo da Lei 1/1996, de 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, para a representación e defensa en procedementos xudiciais derivados da presentación da comunicación ou revelación pública.


Ademais, terán dereito ás medidas de apoio e asistencia específicas previstas no Sistema Interno de Información da Deputación. Sen prexuízo das medidas de apoio sinaladas competencia doutras Administracións, de conformidade co disposto no segundo parágrafo do art. 41, estableceranse medidas de información e asesoramento completos sobre o Sistema interno de información da Deputación.

A análise da posible exención e atenuación das sancións cando a persoa informante participase na comisión da infracción administrativa obxecto da información prevista no art. 40 LPI

Análise da posible exención do cumprimento da sanción da persoa informante.

Cando se trate de procedementos sancionadores cuxa competencia corresponda á Deputación de Lugo, terase en conta a previsión do art. 40 LPI. De maneira que, na tramitación de ditos procedementos sancionadores e no marco da legalidade, o órgano competente para resolver o procedemento sancionador, mediante resolución motivada,

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	16/32



poderá eximir do cumprimento da sanción administrativa ou atenuala, en función do cumprimento de todos e cada un dos seguintes requisitos:

Ter cesado na comisión da infracción no momento de presentación da comunicación ou revelación e identificado, no seu caso, ao resto das persoas que teñan participado ou favorecido aquela.

Ter cooperado plena, continua e dilixentemente ao longo de todo o procedemento de investigación.

Ter facilitado información veraz e relevante, medios de proba ou datos significativos para a acreditación dos feitos investigados, sen que tivera procedido á destrución destes ou á súa ocultación, nin revelara a terceiros, directa ou indirectamente o seu contido.

Ter procedido á reparación do dano causado que lle sexa imputable.

Análise da posible atenuación da sanción da persoa informante e extensión a outros partícipes.

No caso de que os anteriores requisitos non se cumpran na súa totalidade, déixase a criterio da autoridade competente, previa valoración do grao de contribución á resolución do expediente, a posibilidade de atenuar a sanción que tería correspondido á infracción cometida, sempre que o informante ou autor da revelación non teña sido sancionado anteriormente por feitos da mesma natureza que deron orixe ao inicio do procedemento, nos termos establecidos no art. 40 LPI.

7.4. Garantía do réxime sancionador

A Deputación de Lugo, implementou unha estratexia de protección do sistema de información constituída por múltiples capas de seguridade, constituídas por medidas organizativas, físicas e lóxicas, de tal forma que cando unha capa foi comprometida permita desenvolver unha reacción adecuada fronte aos incidentes que non puideron evitarse, reducindo a probabilidade de que o sistema sexa comprometido no seu conxunto e minimizar o impacto final sobre o mesmo.

Protexerase o perímetro do sistema de información, especialmente, cando o sistema da Deputación conéctase a redes públicas, tal e como se definen na lexislación vixente en materia de telecomunicacións, reforzándose as tarefas de prevención, detección e resposta a incidentes de seguridade.

En todo caso, analizaranse os riscos derivados da interconexión do sistema con outros sistemas e controlarase o seu punto de unión. Para a adecuada interconexión entre sistemas estarase ao disposto na Instrución Técnica de Seguridade correspondente.

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	17/32



8. Persoas afectadas polas informacións.

Esta Política reconece os seguintes dereitos e garantías de protección para as persoas afectadas polas informacións, de conformidade coas previsións do art. 9.2, 33, 39 e título IX da LPI.

No procedemento de xestión das informacións do Sistema interno

- Dereito a que se lle informe das accións ou omisións que se lle atribúan, no tempo e forma que se considere adecuado para garantir o bo fin da investigación.
- Dereito a ser oída en calquera momento.
- Dereito do respecto á presunción de inocencia e honor.

En materia de protección de datos

- Garantía do exercicio dos dereitos recoñecidos pola normativa de protección de datos e respecto ás disposicións especiais establecidas nesta materia.
- Dereito á preservación da identidade e garantía de confidencialidade dos datos correspondentes ás persoas afectadas.

Medidas de protección para as persoas afectadas polas informacións

De conformidade co art. 39 LPI “durante a tramitación do expediente as persoas afectadas pola comunicación terán dereito á presunción de inocencia, ao dereito de defensa e ao dereito de acceso ao expediente nos termos regulados nesta lei, así como á mesma protección establecida para os informantes, preservándose a súa identidade e garantíndose a confidencialidade dos feitos e datos do procedemento”.

Garantía do réxime sancionador

Réxime sancionador da LPI competencia da Autoridade Independente de Protección do Informante, A.A.I., ou equivalente da Comunidade Autónoma.

O réxime de protección do Sistema conta cun réxime sancionador establecido na propia LPI, que sanciona como infraccións as vulneracións dos dereitos das persoas afectadas polas informacións no seu título IX, encomendando a dita potestade sancionadora á Autoridade Independente de Protección do Informante, A.A.I., ou polo órgano competente da Comunidade Autónoma, que tipifica diversas infraccións, entre elas calquera limitación de dereitos e garantías previstos na LPI, a vulneración das garantías de confidencialidade ou segredo respecto das persoas afectadas así como, comunicar ou revelar publicamente información a propósito da súa falsidade (art. 63 LPI).

Réxime disciplinario no ámbito da Deputación.

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	18/32



A potestade sancionadora da Autoridade Independente de Protección do Informante, A.A.I., e dos órganos autonómicos equivalentes, entenderase sen prexuízo das facultades disciplinarias que corresponden á Deputación de Lugo no ámbito interno municipal (art. 61 LPI).

9. Protección de Datos.

9.1. Réxime xurídico do tratamento de datos persoais no Sistema interno de información

De acordo co sinalado no art. 29 da LPI, os tratamentos de datos persoais que deriven da aplicación desta lei rexeranse polo disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, na Lei Orgánica 7/2021, de 26 de maio, de protección de datos persoais tratados para fins de prevención, detección, investigación e axuízamento de infraccións penais e de execución de sancións penais, e no presente título.

Non se recompilarán datos persoais cuxa pertinencia non resulte manifesta para tratar unha información específica ou, se se recompilan por accidente, eliminaranse sen dilación indebida.

9.2. Licitude dos tratamentos de datos persoais no Sistema interno de información.

Conforme ao previsto no art. 30 LPI os tratamentos de datos necesarios para a aplicación da LPI e o funcionamento do Sistema interno de información da Deputación enténdense lícitos, ao ser de implantación obrigatoria de acordo co establecido no art. 13 da LPI, en virtude do establecido nos artigos 6.1.c) do RXP, art. 8 da LOPDGDD e art. 11 da Lei Orgánica 7/2021, de 26 de maio, de protección de datos persoais tratados para fins de prevención, detección, investigación e axuízamento de infraccións penais e de execución de sancións penais.


O tratamento das categorías especiais de datos persoais por razóns dun interese público esencial poderase realizar conforme ao previsto no artigo 9.2.g) do Regulamento (UE) 2016/679, conforme ao establecido no artigo 30 LPI.

9.3. Información sobre protección de datos persoais e exercicio de dereitos.

Respectaranse os dereitos de información recollidos no art. 31 da LPI:

Cando se obteñan directamente dos interesados os seus datos persoais facilitaráselles a información a que se refiren os artigos 13 do RGPD e 11 da LOPDGDD. Ás persoas informantes informaráselles, ademais, de forma expresa, de que a súa identidade será en todo caso reservada, que non se comunicará ás persoas ás que se refiren os feitos relatados nin a terceiros.

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	19/32



A persoa afectada polas informacións non será en ningún caso informada da identidade da persoa informante.

Os interesados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, á limitación do tratamento, portabilidade, oposición e relativo ás decisións individuais automatizadas a que se refiren os artigos 15 a 22 do RGPD.

En caso de que a persoa afectada polas informacións exercese o dereito de oposición, presumirase que, salvo proba en contrario, existen motivos lexítimos imperiosos que lexitiman o tratamento dos seus datos persoais.

9.4. Tratamento de datos persoais no Sistema interno de información.

O tratamento dos datos persoais contidos no sistema desenvolverase conforme ao establecido no art. 32.1 LPI, que dispón o seguinte:

- O acceso aos datos persoais contidos no Sistema interno de información quedará limitado, dentro do ámbito das súas competencias e funcións, exclusivamente a:
 - Responsable do Sistema e a quen o xestione directamente.
 - responsable de recursos humanos ou o órgano competente debidamente designado, só cando puidese proceder a adopción de medidas disciplinarias contra un traballador. No caso dos empregados públicos, o órgano competente para a tramitación do mesmo.
 - responsable dos servizos xurídicos da entidade ou organismo, se procedese a adopción de medidas legais en relación cos feitos relatados na comunicación.
 - delegado de protección de datos.


Será lícito o tratamento dos datos por outras persoas, ou mesmo a súa comunicación a terceiros, cando resulte necesario para a adopción de medidas correctoras na entidade ou a tramitación dos procedementos sancionadores ou penais que, no seu caso, procedan.

En ningún caso serán obxecto de tratamento os datos persoais que non sexan necesarios para o coñecemento e investigación das accións ou omisións ás que se refire o artigo 2, procedéndose, no seu caso, á súa inmediata supresión. Así mesmo, suprimiranse todos aqueles datos persoais que se poidan comunicar e que se refiran a condutas que non estean incluídas no ámbito de aplicación da lei.

Se a información recibida contivese datos persoais incluídos dentro das categorías especiais de datos, procederase á súa inmediata supresión, sen que se proceda ao rexistro e tratamento dos mesmos.

Os datos que sexan obxecto de tratamento poderán conservarse no sistema de informacións unicamente durante o tempo imprescindible para decidir sobre a procedencia de iniciar unha investigación sobre os feitos informados.

	IV7R6OQJZENKVGYZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVGYZUHCQPWCI	Página	20/32





Se se acreditase que a información facilitada ou parte dela non é veraz, deberá procederse á súa inmediata supresión desde o momento en que se teña constancia da devandita circunstancia, salvo que esta falta de veracidade poida constituír un ilícito penal, nese caso gardarase a información polo tempo necesario durante o que se tramite o procedemento xudicial.

En todo caso, transcorridos tres meses desde a recepción da comunicación sen que se iniciaron actuacións de investigación, procederase á súa supresión, salvo que a finalidade da conservación sexa deixar evidencia do funcionamento do sistema. As comunicacións ás que non se deu curso soamente poderán constar de forma anonimizada, sen que sexa de aplicación a obrigaición de bloqueo prevista no artigo 32 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

9.5. Preservación da identidade das persoas informantes e das persoas afectadas polas informacións.

As persoas informantes teñen dereito a que a súa identidade non sexa revelada a terceiras persoas, nos termos establecidos no art. 33 LPI.

O Sistema interno de información non obterá datos que permitan a identificación da persoa informante e contará con medidas técnicas e organizativas axeitadas para preservar a identidade e garantir a confidencialidade dos datos correspondentes ás persoas afectadas e a calquera terceira persoa que se mencione na información subministrada, especialmente a identidade da informante en caso de que se tivera identificado.

A identidade da persoa informante só poderá ser comunicada á Autoridade xudicial, ao Ministerio Fiscal ou á autoridade administrativa competente no marco dunha investigación penal, disciplinaria ou sancionadora. Neste caso, a revelación da identidade estará suxeita ás salvagardas establecidas na normativa aplicable. En particular, antes de revelar a súa identidade trasladaráselle á persoa informante, salvo que dita información puidera comprometer a investigación ou o procedemento xudicial. Cando a autoridade competente o comunique á persoa informante, remitíralle un escrito explicando os motivos da revelación dos datos confidenciais en cuestión.

9.6. Delegado de protección de datos.

A Deputación conta coa figura do Delegado de Protección de Datos (DPD) que terá acceso aos datos do Sistema interno dentro do ámbito das súas competencias e funcións.

9.7. Cláusula de protección de datos do Sistema Interno de Información.

O Sistema Interno de Información incorporará a seguinte cláusula de protección de datos:

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	21/32



Responsable do tratamento: Deputación de Lugo.

Finalidade: Control, xestión e supervisión da canle de denuncias interno establecido para a denuncia de accións ou omisións que puidesen constituír infracción normativa.

Lexitimación: RXPDP: 6.1.c) tratamento necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento (Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción)

RGPD: 6.1.e) Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento (Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción).

RXPDP 9.2.g) tratamento de categorías especiais de datos persoais por razóns dun interese público esencial (Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción).

Destinatarios: Os datos de carácter persoal poderán ser comunicados a outras Administracións con competencia na materia, forzas e corpos de seguridade ou a órganos xudiciais.

Dereitos: Pode solicitar o acceso, rectificación, supresión, limitación, opoñerse ao tratamento ou exercitar outros dereitos que lle asistan, e consultar información adicional, segundo se indica en <https://deputacionlugo.gal/gl/lopd>

Datos de contacto do DPD: dpd@deputacionlugo.org


10. Formación.

A Deputación de Lugo formará ao seu persoal co obxectivo de xerar o coñecemento necesario sobre o marco legal e institucional de integridade e sobre a protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

En particular, impartirase a formación necesaria para que, en caso de que unha comunicación sexa remitida por unha canle diferente ou a persoal non responsable do seu tratamento, a persoa receptora da comunicación a remita inmediatamente ao responsable do sistema e advertirase ao persoal de que o quebrantamento da garantía de confidencialidade do Sistema é unha infracción moi grave, de acordo co establecido no art. 9.2.g) LPI. Igualmente, impartirase formación acerca do tratamento de datos persoais no marco dos Sistemas de información (art. 32.5 LPI).

11. Publicidade.

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	22/32





A Deputación publicitará e difundirá o Sistema interno de información, co obxectivo de dalo a coñecer e facilitar o acceso ao Sistema. Esta Política do sistema será debidamente publicitada no seo da Deputación, polo que se procederá á súa publicación na intranet municipal.

Igualmente formará parte da información relativa ao sistema interno de información da Deputación que figurará na páxina web da entidade, na súa páxina de inicio, en sección separada e facilmente identificable, así como no portal de transparencia.

12. Histórico de revisións

VERSIÓN	DESCRIPCIÓN DE CAMBIOS	REALIZADO	DATA	APROBADO
1.0	Primeira emisión			

ANEXO II

PROCEDEMENTO PARA AS ACTUACIÓNS E INFORMACIÓNS NA XESTIÓN DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN DA DEPUTACIÓN DE LUGO

PROCEDEMENTO PARA AS ACTUACIÓNS E INFORMACIÓNS NA XESTIÓN DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN DA DEPUTACIÓN DE LUGO

Índice

- 1 Aprobación e Entrada en Vigor4
- 2 Obxecto e finalidade5
- 3 Ámbito material de aplicación5
- 4 Ámbito persoal de aplicación6
- 5 Principios xerais do sistema interno de información7
- 6 Responsable do sistema interno de información9
- 7 Principios xerais de protección das persoas informantes11
 - 7.1 No procedemento de xestión das informacións do sistema interno de información11
 - 7.2 En materia de protección de datos11
 - 7.3 Aplicación das medidas de protección establecidas no título VII a LPI12
 - 7.4 Garantía do réxime sancionador17
- 8 Persoas afectadas polas informacións17
- 9 Protección de Datos18
 - 9.1 Réxime xurídico do tratamento de datos persoais no Sistema interno de información19
 - 9.2 Licitude dos tratamentos de datos persoais no Sistema interno de información19
 - 9.3 Información sobre protección de datos persoais e exercicio de dereitos19
 - 9.4 Tratamento de datos persoais no Sistema interno de información20

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	23/32



9.5 Preservación da identidade das persoas informantes e das persoas afectadas polas informacións..... 19

9.6 Delegado de protección de datos21

9.7 Cláusula de protección de datos do Sistema Interno de Información21

10 Formación22

11 Publicidade22

12 Histórico de revisións23

PROCEDIMENTO PARA AS ACTUACIÓNS E INFORMACIÓNS NA XESTIÓN DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN DA DEPUTACIÓN DE LUGO 23

1 Presentación e recepción das informacións24

1.1 Formas de presentación da información24

1.2 Documentación das informacións verbais25

1.3 Indicacións para os efectos de recepción de comunicacións25

2 Informacións sobre outras canles25

3 Acuse de recepción das informacións presentadas25

4 Rexistro da información no sistema26

5 Actuacións de comprobación das informacións presentadas26

6 Medidas preventivas dos conflitos de interese ou supostos de abstención27

7 Terminación das actuacións27

7.1 Prazo27

7.2 Documentación e comunicación dos resultados da comprobación27

7.3 Carácter non recorrible do resultado das actuacións de comprobación28

8 Libro de rexistro de informacións28

9 Confidencialidade e protección de datos persoais28

9.1 Réxime xurídico do tratamento de datos persoais no Sistema interno de información29

9.2 Licitude dos tratamentos de datos persoais no Sistema interno de información29

9.3 Información sobre protección de datos persoais e exercicio de dereitos29

9.4 Tratamento de datos persoais no Sistema interno de información30

9.5 Preservación da identidade das persoas informantes e das persoas afectadas polas informacións31

9.6 Delegado de protección de datos31

10 Histórico de revisións31

1. Presentación e recepción das informacións.

1.1. Formas de presentación da información.

O Sistema interno de información permitirá a comunicacións por escrito, verbalmente, ou das dúas formas. Ademais poderán presentarse comunicacións anónimas, de xeito que a aportación dos campos de identificación da persoa que comunica a información será voluntaria.

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	24/32





A información poderase presentar por calquera das vías definidas no artigo 7 da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción (no sucesivo, LPI):

A información poderase realizar ben por escrito, a través de correo postal ou a través de canle electrónica específica de participación habilitada no portal web da entidade. Esta canle electrónica facilitará un código único á persoa informante que, sempre e cando o conserve, permitirá manter a comunicación entre a persoa informante e o Sistema interno de información.

A información tamén se poderá facilitar verbalmente.

A persoa informante tamén poderá solicitar unha reunión presencial para facilitar a información, que se fixará dentro do prazo máximo de sete días naturais desde a súa solicitude.

No seu caso, advertirase á persoa informante de que a comunicación será gravada e informaráselle do tratamento dos seus datos de acordo ao que establece o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016.

1.2. Documentación das informacións verbais

As comunicacións verbais deberán documentarse dalgunha das maneiras seguintes, previo consentimento do informante:

-Mediante unha gravación da conversación nun formato seguro, duradeiro e accesible; de ser o caso, advertirase ao informante de que a comunicación será gravada e informaráselle do tratamento dos seus datos de acordo ao que establece o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016.

-A través dunha transcripción completa e exacta da conversación realizada polo persoal responsable de tratala.

Sen prexuízo dos dereitos que lle corresponden de acordo á normativa sobre protección de datos, ofrecerase á persoa informante a oportunidade de comprobar, rectificar e aceptar mediante a súa firma a transcripción da conversan.

1.3. Indicacións para os efectos de recepción de comunicacións

Ao realizar a comunicación, o informante poderá indicar un domicilio, correo electrónico ou lugar seguro a efectos de recibir as notificacións. Así mesmo, en calquera momento poderá renunciar expresamente á recepción de calquera comunicación respecto das actuacións realizadas como consecuencia da información presentada.

2. Informacións sobre outras canles.

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	25/32



Ademais, a quen realice a comunicación a través de canles internos informaráselles, de forma clara e accesible, sobre as canles externas de información ante as autoridades competentes e, de ser o seu caso, ante as institucións, órganos ou organismos da Unión Europea. O anterior, unha vez estean implantadas as devanditas canles externas.

3. Acuse de recepción das informacións presentadas.

Unha vez presentada a información, no prazo de sete días naturais seguintes á súa recepción, enviarase á persoa informante o acuse de recibo da comunicación, salvo que iso poida poñer en perigo a confidencialidade da comunicación.

4. Rexistro da información no sistema.

Unha vez presentada a información, no prazo de sete días naturais seguintes á súa recepción, enviarase á persoa informante o acuse de recibo da comunicación, salvo que iso poida poñer en perigo a confidencialidade da comunicación.

5. Actuacións de comprobación das informacións presentadas.

Unha vez constatado que as información presentadas se atopan no ámbito obxectivo e subxectivo establecido nos artigos 2 e 3 da LPI. A instrución comprenderá todas as actuacións destinadas a comprobar a verosimilitude dos feitos relatados, se son susceptibles de motivar a incoación dun procedemento, a identificación da persoa ou persoas que puidesen resultar responsables e as demais circunstancias que resulten relevantes respecto dos feitos e das persoas que puidesen resultar responsables.

Garantirase que a persoa afectada pola información teña noticia da mesma, así como dos feitos relatados de maneira sucinta. Adicionalmente informaráselle do dereito que ten a presentar alegacións por escrito e do tratamento dos seus datos persoais. Con todo, esta información poderá efectuarse no trámite de audiencia, se se considerase que a súa achega con anterioridade puidese facilitar a ocultación, destrución ou alteración das probas.

En ningún caso se comunicara aos suxeitos afectados a identidade do informante nin se dará acceso á comunicación. Durante a instrución darase noticia da comunicación con sucinta relación de feitos ao investigado. Esta información poderá efectuarse no trámite de audiencia se se considera que a súa achega con anterioridade puidese facilitar a ocultación, destrución ou alteración das probas.

Sen prexuízo do dereito para formular alegacións por escrito, a instrución comprenderá, sempre que sexa posible, unha entrevista coa persoa afectada na que, sempre con absoluto respecto á presunción de inocencia, convidaráselle a expoñer a súa versión dos feitos e a achegar aqueles medios de proba que considere adecuados e pertinentes.

A fin de garantir o dereito de defensa da persoa afectada, a mesma terá acceso ao expediente sen revelar información que puidese identificar á persoa informante,

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	26/32





podendo ser oída en calquera momento, e advertiráselle da posibilidade de comparecer asistida de avogado.

Os funcionarios da Deputación de Lugo que desenvolvan actividades de investigación terán a consideración de axentes da autoridade no exercicio das súas funcións e estarán obrigados a gardar segredo sobre as informacións que coñezan con ocasión do devandito exercicio.

Todas as persoas naturais ou xurídicas, privadas ou públicas, deberán colaborar coas autoridades competentes e estarán obrigadas a atender os requirimentos que se les dirixan para achegar documentación, datos ou calquera información relacionada cos procedementos que se estean tramitando, incluso os datos persoais que lle fosen requiridos.

Cando os feitos puidesen ser indiciariamente constitutivos de delito remitirase a información ao Ministerio Fiscal con carácter inmediato. No caso de que os feitos afecten os intereses financeiros da Unión Europea, remitirase á Fiscalía Europea.

No desenvolvemento das actuacións de comprobación poderase manter a comunicación coa persoa informante e, se se considera necesario, solicitarlle información adicional. No caso de denuncias anónimas, esta comunicación será posible, naquelas que se presentasen pola canle interna habilitada na sede electrónica e a persoa informante conserve un código único que lle será facilitado no momento de efectuar a comunicación.

6. Medidas preventivas dos conflitos de interese ou supostos de abstención.


O Responsable do Sistema interno da información examinará de oficio a súa propia afectación polas informacións presentadas con carácter previo a realización de calquera, do que deixará expresión documentada mediante declaración de ausencia de conflito de intereses e supostos de abstención. En caso de que concorran estas circunstancias, será suplida pola persoa titular do posto a quen corresponda a suplencia.

7. Terminación das actuacións.

7.1. Prazo

O prazo máximo para dar resposta ás actuacións de investigación, que non poderá ser superior a tres meses a contar desde a recepción da comunicación ou, se non se remitiu un acuse de recibo ao informante, a tres meses a partir do vencemento do prazo de sete días despois de efectuarse a comunicación, salvo casos de especial complexidade que requiran unha ampliación do prazo, nese caso, poderá estenderse ata un máximo doutros tres meses adicionais.

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	27/32



7.2. Documentación e comunicación dos resultados da comprobación

Unha vez rematadas as actuacións de comprobación e de investigación, a persoa responsable ou o órgano colexiado responsable do Sistema interno de información documentará o resultado das actuacións en informe debidamente motivado.

Emitido o informe, a persoa responsable ou o órgano colexiado responsable do Sistema interno de información adoptará algunha das seguintes decisións:

Arquivo do expediente, que será notificado ao informante e, no seu caso, á persoa afectada. Nestes supostos, o informante terá dereito á protección prevista nesta lei, salvo que, como consecuencia das actuacións levadas a cabo en fase de instrución, se conclúise que a información á vista da información solicitada, debía ser inadmitida por concorrer algunha das causas previstas no artigo 18.2.a) da LPI.

Remisión ao Ministerio Fiscal se, a pesar de non apreciarse inicialmente indicios de que os feitos puidesen revestir o carácter de delito, así resultase do curso da instrución. Se o delito afectase os intereses financeiros da Unión Europea, remitirase á Fiscalía Europea.

Se das actuacións resultasen verosímiles as infraccións comunicadas pola persoa informante, se remitirá ao órgano competente para a incoación do procedemento sancionador ou de restablecemento da legalidade que corresponda.

O informe final tamén será trasladado ás persoas informantes así como ás persoas afectadas polas informacións.

A presentación dunha comunicación polo informante non lle confire, por si soa, a condición de interesado.

7.3. Carácter non recorrible do resultado das actuacións de comprobación


De conformidade co disposto no art. 13.5 da Lei 2/2023, o informe final que documente o resultado da comprobación en relación coas informacións presentadas non serán recorribles en vía administrativa nin en vía contencioso administrativa.

8. Libro de rexistro de informacións

Segundo o disposto no art. 26.1 da LPI, as informacións recibidas e as investigacións internas ás que desen lugar recolleranse no libro-rexistro do Sistema interno de información, garantindo, en todo caso, os requisitos de confidencialidade previstos na Lei.

Este rexistro non será público, e unicamente a petición razoada da Autoridade xudicial competente, mediante auto, e no marco dun procedemento xudicial e baixo a tutela daquela, poderá accederse total ou parcialmente ao contido do referido rexistro.

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	28/32





Os datos persoais relativos ás informacións recibidas e ás investigacións internas a que se refire o apartado anterior só conservaranse durante o período que sexa necesario e proporcionado a efectos de cumprir con esta lei. En particular, terase en conta o previsto nos apartados 3 e 4 do artigo 32 da LPI. En ningún caso poderán conservarse os datos por un período superior a dez anos.

9. Confidencialidade e protección de datos persoais

Asemade, respectaranse as disposicións sobre protección de datos persoais de acordo ao previsto no título VI da LPI, así como no documento da Política do Sistema Interno de Información e de Garantías de Protección das Persoas Informantes da Deputación de Lugo.

9.1. Réxime xurídico do tratamento de datos persoais no Sistema interno de información.

De acordo co sinalado no art. 29 da LPI, os tratamentos de datos persoais que deriven da aplicación desta lei rexeranse polo disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, na Lei Orgánica 7/2021, de 26 de maio, de protección de datos persoais tratados para fins de prevención, detección, investigación e axuízamento de infraccións penais e de execución de sancións penais, e no presente título.

Non se recompilarán datos persoais cuxa pertinencia non resulte manifesta para tratar unha información específica ou, se se recompilan por accidente, eliminaranse sen dilación indebida.


9.2. Licitude dos tratamentos de datos persoais no Sistema interno de información

Conforme ao previsto no art. 30 LPI os tratamentos de datos necesarios para a aplicación da LPI e o funcionamento do Sistema interno de información da Deputación enténdense lícitos, ao ser de implantación obrigatoria de acordo co establecido no art. 13 da LPI, en virtude do establecido nos artigos 6.1.c) do RXP, art. 8 da LOPDGDD e art. 11 da Lei Orgánica 7/2021, de 26 de maio, de protección de datos persoais tratados para fins de prevención, detección, investigación e axuízamento de infraccións penais e de execución de sancións penais.

O tratamento das categorías especiais de datos persoais por razóns dun interese público esencial poderase realizar conforme ao previsto no artigo 9.2.g) do Regulamento (UE) 2016/679, conforme ao establecido no artigo 30 LPI.

9.3. Información sobre protección de datos persoais e exercicio de dereitos

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	29/32



Respectaranse os dereitos de información recollidos no art. 31 da LPI:

Cando se obteñan directamente dos interesados os seus datos persoais facilitaráselles a información a que se refiren os artigos 13 do RGPD e 11 da LOPDGDD. Ás persoas informantes informaráselles, ademais, de forma expresa, de que a súa identidade será en todo caso reservada, que non se comunicará ás persoas ás que se refiren os feitos relatados nin a terceiros.

A persoa afectada polas informacións non será en ningún caso informada da identidade da persoa informante.

Os interesados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, á limitación do tratamento, portabilidade, oposición e relativo ás decisións individuais automatizadas a que se refiren os artigos 15 a 22 do RGPD.

En caso de que a persoa afectada polas informacións exercese o dereito de oposición, presumirase que, salvo proba en contrario, existen motivos lexítimos imperiosos que lexitiman o tratamento dos seus datos persoais.

9.4. Tratamento de datos persoais no Sistema interno de información

O tratamento dos datos persoais contidos no sistema desenvolverase conforme ao establecido no art. 32.1 LPI, que dispón o seguinte:


O acceso aos datos persoais contidos no Sistema interno de información quedará limitado, dentro do ámbito das súas competencias e funcións, exclusivamente a:

- Responsable do Sistema e a quen o xestione directamente.
- responsable de recursos humanos ou o órgano competente debidamente designado, só cando puidese proceder a adopción de medidas disciplinarias contra un traballador. No caso dos empregados públicos, o órgano competente para a tramitación do mesmo.
- responsable dos servizos xurídicos da entidade ou organismo, se procedese a adopción de medidas legais en relación cos feitos relatados na comunicación.
- delegado de protección de datos.

Será lícito o tratamento dos datos por outras persoas, ou mesmo a súa comunicación a terceiros, cando resulte necesario para a adopción de medidas correctoras na entidade ou a tramitación dos procedementos sancionadores ou penais que, no seu caso, procedan.

En ningún caso serán obxecto de tratamento os datos persoais que non sexan necesarios para o coñecemento e investigación das accións ou omisións ás que se refire o artigo 2, procedéndose, no seu caso, á súa inmediata supresión. Así mesmo, suprimiranse todos aqueles datos persoais que se poidan comunicar e que se refiran a condutas que non estean incluídas no ámbito de aplicación da lei.

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	30/32





Se a información recibida contivese datos persoais incluídos dentro das categorías especiais de datos, procederase á súa inmediata supresión, sen que se proceda ao rexistro e tratamento dos mesmos.

Os datos que sexan obxecto de tratamento poderán conservarse no sistema de informacións unicamente durante o tempo imprescindible para decidir sobre a procedencia de iniciar unha investigación sobre os feitos informados.

Se se acreditase que a información facilitada ou parte dela non é veraz, deberá procederse á súa inmediata supresión desde o momento en que se teña constancia da devandita circunstancia, salvo que esta falta de veracidade poida constituír un ilícito penal, nese caso gardarase a información polo tempo necesario durante o que se tramite o procedemento xudicial.

En todo caso, transcorridos tres meses desde a recepción da comunicación sen que se iniciaron actuacións de investigación, procederase á súa supresión, salvo que a finalidade da conservación sexa deixar evidencia do funcionamento do sistema. As comunicacións ás que non se deu curso soamente poderán constar de forma anonimizada, sen que sexa de aplicación a obrigaición de bloqueo prevista no artigo 32 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro.


9.5. Preservación da identidade das persoas informantes e das persoas afectadas polas informacións

As persoas informantes teñen dereito a que a súa identidade non sexa revelada a terceiras persoas, nos termos establecidos no art. 33 LPI.

O Sistema interno de información non obterá datos que permitan a identificación da persoa informante e contará con medidas técnicas e organizativas axeitadas para preservar a identidade e garantir a confidencialidade dos datos correspondentes ás persoas afectadas e a calquera terceira persoa que se mencione na información subministrada, especialmente a identidade da informante en caso de que se tivera identificado.

A identidade da persoa informante só poderá ser comunicada á Autoridade xudicial, ao Ministerio Fiscal ou á autoridade administrativa competente no marco dunha investigación penal, disciplinaria ou sancionadora. Neste caso, a revelación da identidade estará suxeita ás salvagardas establecidas na normativa aplicable. En particular, antes de revelar a súa identidade trasladaráselle á persoa informante, salvo que dita información puidera comprometer a investigación ou o procedemento xudicial. Cando a autoridade competente o comunique á persoa informante, remitíralle un escrito explicando os motivos da revelación dos datos confidenciais en cuestión.

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	31/32



9.6. Delegado de protección de datos

A Deputación conta coa figura do Delegado de Protección de Datos (DPD) que terá acceso aos datos do Sistema interno dentro do ámbito das súas competencias e funcións. Histórico de revisións

VERSIÓN	DESCRIPCIÓN DE CAMBIOS	REALIZADO	DATA	APROBADO
1.0	Primeira emisión			

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

A PRESIDENTA,
P.D. Decreto de data 14-01-2026
O DEPUTADO PROVINCIAL,

Asdo: Pablo Rivera Capón

O SECRETARIO,
P.S. A SECRETARIA-INTERVENTORA

	IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Fecha y Hora	09/04/2026 14:11:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R6OQJZENKVXGYCZUHCQPWCI	Página	32/32

